



Comunicado da Asociación Encrucillada

Asociación Encrucillada

Comunicado da Asociación Encrucillada en apoio e solidariedade con *Católicas pelo Direito de Decidir Brasil* fronte ao fallo xudicial da Corte de xustiza de *Sao Paulo* do 27 de outubro de 2020 que se pronunciou censurando á organización CDD de Brasil.

Como cidadáns dunha comunidade internacional que se rexe polo espírito da Declaración Universal dos Dereitos Humanos promulgada por Nacións Unidas o 10 de Decembro de 1948, expresamos o noso respaldo a *Católicas pelo Direito de Decidir*. Sen entrarmos na interpretación concreta dese dereito na circunstancia brasileira, rexeitamos frontalmente o fallo xudicial que pretende cuestionar a súa identidade como asociación de cidadás católicas.

O artigo 18 da Declaración estipula que:

Toda persoa ten dereito á liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión; este dereito inclúe a liberdade de cambiar de relixión ou de crenza, así como a liberdade de manifestar a súa relixión ou crenza, individual e colectivamente, tanto en público como en privado, pola ensinanza, a práctica, o culto e a observancia.

Católicas pelo Direito de Decidir defínese como católica facendo uso do seu dereito á liberdade relixiosa e de conciencia. Non corresponde ao poder civil definir a identidade relixiosa dos seus cidadáns, e menos a un Estado que estipula no preámbulo da súa Constitución ser un Estado Democrático para unha sociedade plural e sen prexuízos.

«Estado Democrático, destinado a asegurar o exercicio dos dereitos sociais e individuais, a liberdade, a seguridade, o benestar, o desenvolvemento, a igualdade e a xustiza como valores supremos dunha sociedade fraterna, pluralista e sen preconceptos».

Apoiamos e solidarizámonos con *Católicas pelo Direito de Decidir Brasil* como católicas e católicos.

Católicas pelo Direito de Decidir Brasil é unha organización integrada por persoas de fe e feministas, con recoñecida traxectoria académica, profesional e activista que, dende hai máis de 27 anos, levan adiante un compromiso para a construción dunha Igrexa incluínte, diversa, libre de prexuizos e de violencias, así como polo fortalecemento dunha cidadanía plena e o respecto aos estándares máis altos en materia de dereitos humanos para dignificar a vida das mulleres.

Disentir non é estar fóra da sociedade nin da Igrexa; todo o contrario, contribúe á construción dunha sociedade e unha Igrexa plurais e incluíntes. Traballar polos dereitos das mulleres é traballar pola xustiza social.

Chamamos a atención das instancias internacionais de promoción e defensa dos dereitos humanos sobre o carácter político desta resolución xudicial e os seus efectos negativos para o exercicio da democracia, da laicidade e de dereitos como os da liberdade de conciencia, de expresión, de relixión, de pensamento, de asociación, así como os dereitos á vida, á saúde e á educación das mulleres no Brasil e no mundo.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2020.

www.encrucillada.gal